OS OLEIROS

OS DE LAURA.
OLEIROS DE BUÑO.
A cerámica de Buño, está considerada como unha das mellores de Galicia e a que mellor conserva as formas autóctonas tradicionais, de clara inspiración céltica.

O mércores, dia 13 de maio, mandáronos poñer unhas bolsas de lixo. Ao principio eu non entendía nada de nada. Logo fomos ó salón de actos e estaban Pepe e Xulio, uns señores do taller de Oleiros de Buño que nos ensinaron a facer esculturas de barro.
Primeiro contáronos o que íamos facer. Dixéronos que primeiro había que sentarse na cadeira, darlle voltas ó torno co pé esquerdo no sentido contrario das agullas do reloxo para facer xirar a superficie onde iamos facer a figura. Logo collimos un pouco de masa, puxémola na superficie, e a xirar. A masa pode facerse máis alta, máis estreita, máis baixa...Todo depende da figura que queiramos facer. A nós, por exemplo, fixéronnos un peto para toda a clase. Nós faciamos figuras e logo volviamos desfacelas.
Cando acabamos de facer as figuras, lavamos e secamos as mans nuns caldeiros que alí había, e despois fomos a outra mesa onde había moitos anacos pequenos de masa, e tamén había unhas pedras con símbolos: figuras do zodíaco, follas de árbores, animais do bosque... Puxemos a masa nunha pedra, e logo, Xulio ou Pepe, quen estivera alí, sacábanola e quedaba a forma que tivera a pedra. Podiamos facer tres ou catro figuras cada persoa. Logo, cun punzón, puxemos o noso nome detrás para saber de quen era.
Ao final quitamos o plástico, despedímonos e fomos para a nosa clase coas nosas "esculturas". Gustoume moito, porque fixemos moitas cousas e aprendemos a facer moitas cousas.

MAMÁ CABRA

MAMÁ CABRA.
Son un grupo de música infantil formado por sete músicos. Batería, percusión tradicional, frautas e gaita, baixo eléctrico, acordeón, guitarra eléctrica e voz.